

PARABÉNS POLA HOMENAXE

*Mercedes Vázquez Rodríguez,
Fotografías Helena Torres Blanco*

"Os ritos son necesarios porque fan que un día sexa diferente doutro día", así instrúe o Raposo ao Principiño. Os ritos son necesarios pois chaman a nosa atención sobre algún feito, focalizan a nosa ollada sobre algo ou alguén. Este ano o foco apuntou o cambio de nome nunha Escola de Infantil, de Monteporreiro, o outro punto do enfoque tivo que ver cunha veciña de Lérez: Fina Casalderrey.



O Salón de Actos cheo de público



A chegada recibimento cunha cantiga popular

O sábado 19 de xuño a Escola Infantil, coñecida ata o de agora por "Os Campos", celebrou o seu cambio de nominación. Desde este curso, segundo figura no DOG, chamarase " EEI Fina Casalderrey"

Dicir que Fina é unha escritora nosa, veciña, multipremiada, moi homenaxeada, traducida a moitas linguas... abondaría para decidir poñer o seu nome a unha escola.

Dicir que Fina é unha mestra con maiúsculas desas que pisan a Terra e coñecen todas as caras da Lúa, sería outra razón de peso para que unha escola levase o seu nome.

Dicir que por onde ela vai... vai a escola no seu corazón, que a súa literatura reflicte o día a día de situacións escolares... que escribe e axuda a "medrar a alma", como ten escrito nalgunha dedicatoria... sería unha razón máis.



Os discursos dos maiores (O director da Escola, Adolfo Caamaño, escritor veciño do Centro, o Alcalde...) E as palabras doces dun neno en representación do alumnado da escola.



Houbo actuacións de alumnado doutros Centros que quixeron sumarse á homenaxe

Pero, para min, a razón de peso para que unha Escola queira chamarse Fina Casalderrey é lembrar os ollos de nenas e nenos mirándoa cando conta algunha das súas historias. Esa complicidade que establece coas súas "Apertas de vainilla", ou cos seus "Bicos de prata", co seu "Puag que noxo!" ou... tantísimos títulos máis. Esa súa sensibilidade que conecta a nivel emocional, sempre en busca de historias fermosas e xustas, sempre do lado da persoa máis débil. Esas propostas que deixa sobre a mesa para que eles creen, ao tempo que lles di que é mellor que non escriban non vaian ser mellores que ela!... esa súa proximidade e guiño ao alumnado.



Ela donou libros para a Biblioteca do Cole

PARABÉNS a Fina e parabéns á comunidade escolar da EEI FINA CASALDERREY por levar adiante esta homenaxe cun acto sinxelo ao tempo que tenro no que nada faltou. Unha delicia! Parabéns á súa familia que puido presenciarlo... e, como non, parabéns á cidade de Pontevedra por ter un Centro escolar co nome dunha escritora da cidade que, ao estar viva, enche de significado o feito para as nenas e nenos tan pequenos.



E entrega de agasallos para Fina



Ao remate...fotos coas nenas e nenos participantes antes do encontro gastronómico!